

Resolución do 15 de xaneiro de 2021 pola que se aproba e se fai publica a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao proceso de selección para a cobertura dun posto de persoal directivo na Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Director/a do Departamento de Enerxía).

De conformidade co establecido no punto 6 das bases reguladoras da convocatoria que rexe o proceso de selección convocado por Resolución do 9 de novembro de 2020, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 253 do Xoves, 17 de decembro de 2020, e no uso das facultades conferidas no artigo 16 do Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, publicado no DOG núm. 212 do 8 de novembro de 2016.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as para a cobertura do posto de persoal directivo, Director/a do Departamento de Enerxía, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia.

Segundo.- Facer pública a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, que figuran no anexo que se achega coa presente resolución.

Terceiro.- Abrir o prazo de emendas para os/as candidatos/as excluídos/as, que disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da





publicación da presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios do Inega, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión:

O prazo rematará o vindeiro, 20 de xaneiro de 2021, inclusive.

Cuarto.- A estimación ou desestimación das emendas entenderase implícita na publicación da resolución da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as correspondente.

Os/As candidatos/as presentarán a documentación requerida por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (código de procedemento xenérico PR004A), <https://sede.xunta.gal>; no rexistro da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (rúa Avelino Pousa Antelo, 5 - 15707 Santiago de Compostela), en horario de 09:00 horas a 14:00 horas, ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, neste caso deberá remitirse unha copia escaneada da documentación rexistrada ao seguinte enderezo de correo electrónico: persoal.inega@xunta.gal, e dentro do prazo de presentación de emendas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
Paula M^a Uria Traba

Directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

